



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUGARDOS

Relación de persoas aprobadas no proceso de estabilización polo sistema excepcional de concurso, praza traballador/a social, xornada completa

ANUNCIO

De conformidade co establecido na base décimo cuarta das bases xerais reguladoras dos procesos de estabilización de emprego temporal polo sistema excepcional de concurso e polo sistema de concurso oposición e nas bases específicas do proceso de estabilización polo sistema excepcional de concurso, en execución da oferta de emprego público do ano 2022, praza traballador/a social, a xornada completa, pertencente á Oferta de Emprego Público extraordinaria, aprobada mediante acordo da Xunta de Goberno local realizada con data 26.05.2022 (BOP de a Coruña nº 101 de 30 de maio de 2022), e de emenda de erros de 1 de xuño de 2022 (BOP de A Coruña nº111 de 13.06.2022), sendo publicada a convocatoria, xunto co texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas, no Boletín Oficial da Provincia núm. 247, de 30.12.2022, e a convocatoria en extracto no Diario Oficial de Galicia núm. 21, de 30.01.2024, e no Boletín Oficial do Estado núm. 50, de data 26.02.2024, faise público que pola Resolución núm. 2024-0509, de data 30.04.2024, e tras a realización do correspondente proceso selectivo polo sistema excepcional de concurso, procedeuse a prestar aprobación á relación de persoas aprobadas no citado proceso selectivo, tal e como de seguido se indica:

Aspirante	DNI	Puntuación
María Isabel Ríos Paz	***3077**	100 puntos

As persoas aprobadas, de conformidade co establecido na base décimo cuarta das bases xerais reguladoras dos procesos de estabilización de emprego temporal polo sistema excepcional de concurso e polo sistema de concurso oposición, disporán dun prazo de 20 días naturais, contados dende o día seguinte á publicación no BOP da relación de aprobados, para presentar no Rexistro Xeral do Concello de Mugardos a documentación que se relaciona na citada base décimo cuarta, incluído o certificado negativo do Rexistro de delinquentes sexuais, así como, de ser o caso, a documentación orixinal acreditativa doutros requisitos esixidos nas bases específicas da convocatoria.

Asinado dixitalmente polo Concelleiro Delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior, D. José Miguel Mahía Prados, en data 30 de abril de 2024.

2024/2955